# O Castelo, patrimonio arqueolóxico da Serra do Galiñeiro.

Escrito por IEM
Martes, 22 Febreiro 2011 20:19




A Xunta de Galicia aprobou un anteproxecto de parque eólico na Serra do Galiñeiro. Pero neses montes existen varios relevantes xacementos de especial importancia para a Historia de Galicia. Un deles é o Castelo do Galiñeiro.
O xornalista Manuel Gago, o historiador da arte Rafael Rodríguez, o arqueólogo Xurxo Salgado e mais a fotógrafa e xornalista Soledad Felloza, elaboraron un documento de carácter divulgativo para amosar a relevancia deste sitio arqueolóxico de importancia clave para comprender unha época convulsa da nosa Historia. Moi pouca xente da zona, incluso, é consciente da súa posible importancia nun axitado período da Historia do noso país. Por desgraza, os estudos sobre a tardorromanidade e a primeira Idade Media están moi pouco avanzados en Galicia, malia existir un certo número de xacementos que polas súas dimensións e características orográficas só se poden definir como espectaculares. Os autores queren recuperar estes xacementos para o imaxinario e a cultura colectiva do mundo contemporáneo, como unha singularidade especial e altamente valiosa do noso patrimonio histórico.
Este documento quere axudar a comprender a toda a poboación a relevancia histórica dun sitio arqueolóxico que se verá directamente afectado pola construción do parque eólico. Achegamo s o artigo en PDF para a súa descarga.